


A PERSISTENCIA DA MEMORIA. SALVADOR DALÍ Óleo sobre lenzo. 1931.
Dimensións: 24 x 33 cms. Museo de Arte Moderna de Nova York.



Obra que pertence ao Surrealismo.

Estamos diante dunha paisaxe onírica. Parece unha praia á noite. En primeiro termo e en posición central, destaca unha estraña figura: unha cabeza branda cun enorme nariz, de longa e carnosa lingua que sae dela, pero carece de boca. O seu pescozo pérdese na escuridade. Repousa durmida sobre a area, xa que vemos pechado o seu ollo, cunhas enormes pestanas. Pode moi ben ser un autorretrato estilizado do pintor.

Ten encima un brando reloxo de peto. Á esquerda, sobre o que parece unha mesa de madeira rectangular, aínda que incompleta, atopamos outros dous reloxos: un máis pequeno, pechado, sobre o que se apelotonan unha multitude de formigas; o outro, enorme, brando, cunha mosca encima, escórrese polo bordo da mesa. Desta nace unha árbore rota, cunha soa rama sen follas sobre a que hai un terceiro reloxo brando. Ao fondo, iluminada fortemente, vemos unha cala recortada por cantís rochosos. Unha pedra redondeada proxecta a súa sombra sobre a area da praia, que está deserta. O mar confúndese case co ceo cuberto de vaporosas nubes brancas.

O debuxo ten unha enorme importancia no cadro. É de liñas puras, moi académico. Os obxectos están representados con exactitude e detallismo, pero as súas dimensións non son reais e están deformados.

A luz xoga un gran papel. O cadro está dividido en dous partes non simétricas: unha tenebrista, en primeiro termo, cun foco de luz á dereita que ilumina suavemente os obxectos, que proxectan as súas sombras e recórtanse no espazo; e a outra, fortemente iluminada, ao fondo, cunha luz moi branca, irreal.

A cor é rico e variado. Predominan os tons fríos (azuis, grises, brancos), que contrastan cos cálidos (ocres, marróns e amarelos).

A composición está moi estudada. Domina a liña horizontal do mar ao fondo, remarcada pola luz, que divide o cadro en dúas metades desiguais pero harmoniosas. Complementábase coa horizontal da rama seca da árbore, que co seu tronco marca á esquerda unha vertical que equilibra a composición. A cor contribúe a lograr estes efectos, xa que os tons achegan as formas, mentres que os fríos afástanas. A perspectiva tradicional existe, pero o espazo parece estraño. O punto de vista do espectador é alto, aínda que non en todos os obxectos.

Como noutras obras subxacen os seus delirios e obsesións: as formas brandas, a putrefacción ou o sexo. Os reloxos brandos, elemento que reitera a miúdo, aluden á irrelevancia do tempo, á súa perda de significación pero tamén ó paso do tempo que se nos escapa. O reloxo pechado có seu metal brillante atrae as formigas como a carne en descomposición. O simbolismo ten que ver cos reloxos e a memoria, pois esta igual que aqueles dóbranse polo paso do tempo.

Está claro que non segue o automatismo psíquico, decántase polo que denomina método paranoico-crítico, consistente en xogar con obxectos que poden representar diferentes cousas á vez e no que se atribúen a estes ós intencións ou calidades que non teñen pero que racionalmente sería posible que posuíran. Así vemos como neste lenzo os elementos espaciais represéntanse como duros, e os temporais, os reloxos, como figuras brandas.

En síntese, unha obra na que a idea de alucinación ou realidade imaxinada ven dada pola incongruencia onírica dos obxectos presentes no lenzo en medio dunha paisaxe misteriosa tratada cunha fidelidade case fotográfica.